Coro Galego

Brétemas e Raiolas

1953 1958



Talleres "Rabelas"

CAMILO y MANUEL DEUS

CHAPA Y PINTURA — SOLDADURAS AUTOGENA
REJILLAS Y MOLDURAS EN GENERAL

PERIPEBUY 318 Ciudadel · F.N.G.S.

FABRICA METALURGICA

SINAGRA NUÑEZ y Cía.

DISCOS REFORMAS

LLANTAS, RUEDAS, ADAPTACIONES
ARREGLOS EN GENERAL

Mitre 1299 - Quilmes **T. E. 203 - 3727**

A. B. C.

VIDRIERA DEL SOCORRO S. R. L.

VIDRIOS FABRICACION
CRISTALES — ESPEJOS — IMPORTACION

Carlos Pellegrini 677 **T. E. 35 - 7929**

☆ ZAPATERIA ☆

RAMON GRANDA

VENTAS Y COMPOSTURAS EN GENERAL

Entre Ríos 708 **Avellaneda** **F. N. G. R.**

"IMPERIAL JAZZ"

y

Conjunto de Gaitas "Lalin"

Director

CANDIDO VILLAMARIN

SE OFRECE PARA TODA CLASE DE FIESTAS
ESPECIALMENTE PARA ROMERIAS ESPAÑOLAS

Supisiche 443 **Avellaneda** **T. E. 22-6800**



Coro Galego
Brétemas e Raiolas
no seu 5º ano
de eisistencia

Comisión de Prensa
Manuel Cordeiro
Evelio Iglesias
César Quiroga
México 1660 - Tel. 38-1741
Buenos Aires

Colaboran

Xosé Neira Vilas
Leandro Carre
Alberto Vilanova
Ramón Suárez Picallo
Bieito Cupeiro
Emilio Pita
Ramón Rey Baltar
Xosé Casal
Avelino Díaz
Ramón Suárez Pérez
Anton Santamarina
M. Ucha de Vincios

no cincuentenario de

Curros Enriquez

saüdo

Ouh, meiga, cibdá d'a Cruña,
Cibdá d'a torre herculina,
De xeneración recordo
Máis fortes qu'as d'hoxe en día;
Cibdá que por sobr'os mares
Erquel-a cabeza altiva,
Cal onte n'as tuas murallas
O brazo de María Pita:
¿Qué tes n'ese teu recintó,
Qué tes pr'os que te visitan,
Que conecerte non poden
Sin que deixarte non sintan?

Tempos houbo en que revolto
N'a loca redemuiña
Que pol-a terra me leva
En direución nunca fixa,
Día e noite alumeado
Por unha estrela maldita,
Deixando d'os patrios lares
as gasalleiras dilicias,
Pisey teu chau, de camiño
Pra máis aleixados crimas.

Páxaro novo soñara,
Cando nin pruma inda tiña,
Voär de un ceyo en precura
Máis grande qu'o de Galicia;
Pero non ben d'as tuas prazas
Pasey sobr'as pedras limpas,
Non ben d'eses teus verxeles
Os frescos cheiros sentira,
D'os teus aires namorado
Que embebedan e feitizan,
Renunciey terras estranas
Y-amor pediche e caricias.

Nay cariñosa, ti décheme
Canto darme entón podías:
Consolo pr'as miñas bágoas,
Pr'os meus males mediciña:
E inda esquecerme non puden
D'as tuas saladas brisas,
Que m'ourexaban á frente
Por fogo de febre ardida.

Era eu neno, sí, moy neno,
E por esas prayas iba
Collend'o nacre das cunchas
Que n'as tuas orelas brilan.
Risiñ'o sembrante murcho
—Que xa murcho enton o tiña—
N'un bote me bambeaba
D'o Orzan sobr'as ondas rizas.
¡Ay! N'ese mar tormentoso,
Que non te Tirteo n'a lira
A estrofa enérxica é fera
D'a libertá deprendía.

Dotáronme d'alma ardente
As auras que che dan vida:
De firmeza n'o infortunio
Os pedrouchos d'as tuas illas.
Ti fuches quen me falaches
D'estrana maneira místeca,
D'este santo amor d'a patria
Que se sente e non se esprica.

Era eu neno, sí, moy neno,
Cando por teu chau corría,
Hóspede qu'inda sin nome
Regalabas compasiva...
¡Cruña, Cruña! Cal fuxiron
Aqueles prácidos días.
Oxe non me conoceras
—Tan outro son— si me viras.

Alma vella en corpo novo,
O qu'un recordo ch'envía,
Dinantes que dependure
D'un negro cipreste a lira,
Cantarche quixera cántigas
De tantos feitizos dinas;
Mais miñ'arpa non ten cordas
D'amores nin d'alegrias,
E sólo tristes salayos
As poucas que quedan guindan,
Recolleos, cibdá sagrada;
N'eles os cariños vibran
De miñ'alma que t'adora,
De meus beizos que te bican.

MANUEL CURROS ENRIQUEZ.

así foi...

Isto ocurreu o día nove de Xunio do 1953, en Buenos Aires. Uns cantos mozos, empurrados pola saudade e polo amor á Terra-Nai, con afinidade vocacioal polo folclore galego, decidimos dar forma positiva ós nosos degaros e inquedanzas creando un coro. Sen máis —e sen menos— canxeando e xunguindo arelas e vontades, coa enerxía e outimismo que caraiteriza á mocedade, botámonos a desenrolar a ideia inicial, dispostos a non roparar en sagreficios até ver realizado o noso anceio espritoal e tamén patriótico.

Os nosos proieitos comenzaron axiña a facerse realidade. O 17 do mesmo mes, en memorábel xuntanza, comenzamos por buscar unha denominación ó nacente grupo artístico. Alguén propuxo que se chamara "CORO GALEGO BRÉTEMAS E RAIOLAS", aducindo que nesa mesma data era fundado un conxunto semellante na benquerida cidade da Coruña, o cal levaba idéntico nome. E aprobouse. Constituíuse de inmediato unha Comisión interina, a que traballaría pra dar forma legal e seria ó Coro, que nacía como entidade autónoma, independente, por considerarmos que era a única maneira de levar adiante a nosa empresa artística. E tivemos problemas, naturalmente. Os económicos, solventámolos cos nosos propios e modestos pecunios. Os outros... os problemas —dalgún xeito hai que chamarlle— da incomprensión por parte de algunhas entidades, fómolos superando con desgusto pero sen deixar que decaíse ánimo. Endexamáis poidemos espricarnos tal falla de comprensión. E esa aititude dounos máis forzas. E poidemos demostrar con feitos o noso entusiasmo galego, o noso invariábel amor á Terra.

A primeira aituación chegounos cun festival orgaizado polas entidades de Dodro, Rianxo e Boiro. As felicitacións e comentarios favorábels que xurdiron daquela presentación inicial diante do púbrico, déronnos azos definitivos pra seguir na ceifa artística que encetaramos con humildade e agarimo. A nosa obra tiña que seguir, contra tódolos oustáculos. E sigueu. Os ensaios o mesmo se realizaban na casa ou no coarto dun compañeiro, ca no sótano dun "bar", como o fixemos moitas veces. Nada coutaba a nosa fe.

Pra dar xeito orgánico á entidade botámonos á percura dunha segredaría. Primeiro estivemos na Federación de Sociedades Gallegas. Logo istalámosnos no Centro Betanzos, onde se nos dou toda crase de facilidades, incruso o seu salón pra os ensaios. Quede eiquí impreso o noso recoñecimento ás xentes do casal betanceiro.

Os nosos desacougos víronse compensados cando, cuase sen darnos conta, eramos un grupo numeroso, artísticamente discipliñado, e adeministrativamente autónomo, dunha gran cantidade de adherentes que alentaban a nosa labor. E viñeron, logo da primeira, xa citada, moitas aituacións, das que, pola súa importancia non aturamos sen citar algunha. A da Biblioteca "Max Nordau", da Plata, que orgaizara un certame internacional, no que interviñeron moi famosos conxuntos. Tamén fomos á Sociedade Isrcelita de Villa Linch, ó Teatro I. F. T., a unha asociación de residentes húngaros, ó Club "Gimnasia y Esgrima". Aituacións radiaes en Radio Porteña, Radio Rivadavia (na audición "Recordando a Galicia"), Radio Libertad (audición "Calicia Emigrante"), Radio Nacional, Radio Belgrano. O Centro Pontevedrés invítanos a participar nos aitos de inauguración da súa sé social da rúa Sarandí. Tamén tomamos parte na celebración das Xornadas culturaes que orgaíza anualmente o Centro Gallego de Buenos Aires; así aituamos no Cine Teatro Gran Rex, e tamén no Teatro Colón, xuntamente co seu "ballet" estábel. En Xaneiro do 1955 cantamos diante as cámaras de Radio Belgrano T.V. Mensaxes de felicitación, aprausos, apertas emocioadas son o mellor caudal que vimos recollendo, e que compromete a nosa gratitude e o noso desexo permañente de elevar e difundir cada día máis a alma do povo galego feita canción e danza.

Nestas liñas de presentación gráfica, "BRETEMAS E RAIOLAS" pon simbólicamente unha coroa na lembranza de Xoán Santos, irmán desaparecido, que fora aitivísimo Segredario Xeral e incansábel traballador a prol do coro.

Queda, pois, sintetizada a nosa vida de cinco anos. Cinco anos de laboura inqueda, de trafego e degaros de mozas e mozos galegos, que traguemos a América o mensaxe vivo dun povo lírico, berce de troveiros.

Perfecto Feixóo

Fundador dos Coros Galegos

Por Xosé Neira Vilas.

Non abonda unha páxina, nin dúas, nin esta Revista enteira, pra decir o que compre decir encol do redentor da música popular galega. Mais anque sexa pelexando coa falla de espazo, por ser esta pubricación debida os esforzos dun coro galego, e por cadrar este ano co primeiro centenario da morte do mestre Feixóo, non ha pasar sen a nosa lembranza.

Perfecto Feixóo Poncet, naceu en Pontevedra o 25 de Agosto do 1858. Graduouse de bachiller no Instituto daquela cidade, e logo estudou Farmacia en Compostela, licenciándose brillantemente en 1877, cando soio tiña dazanove anos. Exerceu a profesión en Madride até 1880, ano en que voltou a súa cidade natal e se istalou na que había ser popularísima botica da Peregrina.

Don Perfecto, además de outros istrumentos, tocaba a gaita. E comenzou a ir a foliadas e romaxes, nas que recollía, dos beizos do povo, cántigas e copras, que habían de ser o xenuíno repertorio do coro que logo fundou. "Aires da Terra", tal era a denominación do conxunto, naceu arredor de 1885. Os seus fins eran esparguer a nosa música popular, e facer con que se orgaizasen agrupacións semellantes en toda las cidades e vilas galegas.

Os integrantes de "Aires da Terra" eran médicos, abogados, xornalistas, etc. Compartían co direitor a inquedanza de que as tradicións folclóricas do noso país non esmorecesen, nin foran dexeneradas por infruencias alleas. Entre outros, estaban Portela Pérez, Castelao, Isidoro Millán, Said Armesto, Cao Quiroga, Enrique Moldes...

En fevereiro de 1901, "Aires da Terra" presentouse en Madride. Aituou nun festival galego orgaizado pola condesa de Pardo Bazán, e tamén no Teatro Español. Deron, además, unha conferenza no Ateneo. A crítica adicoulle xustas louvanzas. Logo de isa eisitosa xornada inicial seguiron moitas outras, ano tras ano. Percorreron toda Galicia, voltaron a Madride —esta vez pra participar nun homaxe ó Presidente de Francia. Aituaron no Pazo de Cristal, en Oporto. E no 1914, chegaron a Arxentina. Deron concertos en Buenos Aires, Córdoba, Rosario, Villa María, etc. O xornalismo americán e peninsuar fixose eco daquela xeira trascendental.

Aunque adicado con toda a sua alma de galego nobre a esa laboura artístico-patriótica, Don Perfecto non descoidaba a súa profesión, na que tamén adequireu nombradía. Polos seus traballos de laboratorio, foi premiado, nun certámen realizado en Madride, en 1883, e noutro en Zaragoza, en 1885. Tamén foi nomeado Farmacéutico da Real Casa, con dereito ó uso de escudo con armas reaes. Además desiñárono inspector de xéneros medicinaes na Provincia de Pontevedra. E a pedido do Colexio de Farmacéuticos, o Governo otorgoulle a Medalla do Traballo.

En setembre de 1919, Galicia rindeu en Pontevedra homaxe púbrico a Feixóo. Mais de cinco mil persoas estiveron presentes. Asistiron os coros de Ferrol, Lugo, Vigo, Coruña, Orense, Pontevedra e Mondariz, quenes o nomearon seu Presidente Honorario. Léronse poemas de Cabanillas e Labarta Pose, e pronunciou un axeitado discurso Castelao. No remate do aito, todo los coros xuntos, e o són da Banda Municipal entoaron o Hino Galego, que o púbrico escoitou de pé e descoberto. ¡Día de merecida groria pró Mestre!

Nos bancos de pedra da súa botica da Peregrina, sentáronse as máis ilustres figuras que pasaron pola cidade, e deixaron estampada a súa ademiración e respeto no álbum de visitantes de Don Perfecto. Nel poidemos ver as firmas e garimosas adicatorias de Montero Ríos, Pi i Margall, Salmerón, Pablo Iglesias, Núñez de Arce, Emilia Pardo Bazán, Unamuno, Pérez Lugín, Murguía, a Emperatriz Eugenia de Francia, Valle Inclán, Castelar, Echegaray, Canalejas, e moitos outros. A botica era "unha das máis importantes tertulias do noso país, na que se turnaban e formaban ministerios".

O 10 de Xunio do 1935, apagábase na súa casa de Pontevedra, a vida corporal de Feixóo. Infindo pesar causou o seu deceso. E os coros, coas respeitivas bandeiras enloitadas, xunguíronse ó resto do povo, tributando o ilustre morto un homaxe póstumo.

Os restos de Don Perfecto repousan no panteón familiar, que preside un antigo cruceiro de canteiría, garnido de hedras. A súa campa está redoada por unha cadea que foi dos galeós afundidos no estreito de Rande.

Coidamos haber cumprido un deber de gratitude e de xusticia, ao lembrar co esta páxina sinxela, a quen tanto fixo pra reconquerir i elevar o folclore galego, que é un dos máis avaliados tesouros espritoaes da nosa nazonalidade. E todos verían con lecer, estamos seguros, de que neste primeiro centenario do seu nacimento se erguera nos xardíns de Mendez Núñez —como propuxera fai moitos anos o coro "Cántigas da Terra"— ou noutra parte de Galicia, o moimento que perpetúe a lembranza de tan esgrevia figura.

"brétemas e raiolas"

o por que de un tiduo

Tiña eu escrito algunhas "estampas folkloricas", ou sexa escenas campesiñas teatralizadas como motivo de presentazón artistica de conxunto e acción, para os coros galegos: A espadela, A alborada, no dia da festa, unha palillada en Camariñas, Unha noite no muiño, A esfolla, A foliada, A romaria.

Cando se realizaron musicadas por diferentes compositores: Mauricio Farto, Santos Rodriguez, Xosé Eireira, e Adolfo Anta, gustaran e repetiranse varias vegadas dentro e fora de Galiza, sempre con aprauso.

O presidente do coro "Cántigas da Terra", José Luis Bugallal, pediume que fixera unha destas estampas onde poidera figurar un manifico decorado de Camilo Diaz que representa o pórtico da catedral de Santiago, propiedade de aquela agrupazón.

E maxinei o "motivo compostelán" ao que puxen o tiduo "Brétemas e Raiolas" porque como digo unha curta presentazón da estampa:

"Pelengrino a Santiago
Cheguei unha mañán cedo,
e no meu maxín xurdiron
cousas de pasados tempos:
xentes que hoxe xa non viven,
costumes que feneceron,
erguerse á carón do tempro.
pero que vin antre as brétemas
"Vou amostrarvos a estampa
d'aquela visión, qu'entendo,
se nón é pra vos de encanto
ha de ser curiosa ao menos".

Representa na primeira parte unhas escenas de tempos pasados, coas pelengrinazons, cos romances tráxicos. Todo como visto en penumbra, a través das brétemas do pasado.

Na segunda parte muda o ambente. Hai luz de sol, raiolas lumiosas; estamos nos tempos presentes, en dia de festa e algueireo.

"Perdoade, meus señores:
perdón pol-o estrevemento
de amostrarvos unha estampa
mal dibuxada por certo.
"A pantasia maxina,
mais non atina o cerebro
a lle dar forma as imaxes
que entre brétemas nasceron,
Pasou o soño d'antano;
hoxe estamos noutros tempos;
brila o sol a preno dia;
hai cantigas e trouleo.

Bailan os mozos na praza,
toca a gaita y o pandeiro,
e rebulda a rapazada,
que hoxe é festa no rueiro.
Vede pois como arastora
enlediza inda o gaiteiro,
e cal rexouban os mozos
ao se xuntar no turreiro.
Vede como nesta Terra
vibra o esprito festexeiro,
e que ledas son as troulas
e as cantigas... e os romeiros.

E velaí o por que de nomear a estampa "Brétemas e Raiolas".

Un novo coro fundado recentemente na Cruña adoutou este tiduo, porque as cantigas que interpreta, cantigas populares que foran creadas poida que en tempos moi recuados, perderianse nas brétemas do esquecemento de non mantelas con amor na actualidade, belas e ledas como son, tal que raiolas de sol no alborexar, c'unha espranza de rexurdimento no noso esprito rexional.

Leandro Carre.

no lustro do coro "brétemas e raiolas"

por Alberto Vilanova

Quen dixo que Galicia non ten arte
Pouco conoce o noso chau paterno.
¡Ten arte, ten! O que non ten é artistas
Porque os escope pra chaus alleos.
Testigos vos, que pra cantar nascidos,
Faguedes un Elisio do desterro,
Honrando a quen vos fire, como o sándalo
Perfuma o sácho que o volveu pitelos.
(CURROS ENRIQUEZ).

A nosa Galiza coma pobo esenzalmente lírico, canta dende tempos afastados. O testemuño de hestoriadores antergos coma Strabon e Silio Itálico eisí o confirma. Cantou a beira dos bardos céltigos, cantou nas guerras púnicas loitando e atruxando as ordes de Aníbal, cantou nas ceremonias los de ouro e prata nos Cancioeiros, cantou sempre, porque Galiza canta o mesmo nos intres de ledicia que de door, e sobor de tudo cantou con verbas acesas de rebeldía e rexurdimento no tanguido varil das liras dos nosos poetas do renascemento decimonónico.

Primeiro os nosos groriosos orfeóns, que tantos loureiros conqueriron en certames ben rifados, e dimpois dende que Perfeuto Feixóo creou os típicos coros, inzaron cun ronsel de canzóns belidas os ceos e as ialmas do pobo, e ao traverso da nosa música fixose mais dunha vegada o miragre de espertar na consencia dos galegos a benturanza do seu orixe. O que en moitas ocasións non foi capás de faguer o rigorismo doutriñal, nin a propaganda política, nin a invocacion patriótica, nin a polémica aberta, nin o lóxico razoamento, fóxoo unha canzón. Galegos que non foron capaces de sentir nin corazón nin na mente o amor profundo a sua Terra, a quéns non conmoveron as razóns nin os libros, foron gañados pola galeguidade con soio unha vegada que escoitaron aos coros. Tal é a forza eispresiva e convincente da nosa música popular.

Porque na nosa música ainda desgraciadamente folklórica, está o cerne dos mais rexos sentimentos galegos. O repiniqueo dunha muiñeira, o doorido alalá, o bulir dunha foliada, a dozura dunha melodía, os salaios da gaita, que sigue chorando dende que Rosalía revelou os seus laios, teñen un valor persuasivo, tan agarimoso e podente, que non é posibre fuxir aos seus meigos engados. Son tan coxegosos os seus degoros, que cando se atopa a un galego que ao ouvir ista música non sinte tremecer as febras do esprito, pódese certificar que no corazón dil, morreu pra sempre a capacidade do sentimento. O benquerido poeta Lugris Freire conta unha anéidota, que ratifica canto afirmamos.

Desgraciadamente folklórica chamamos a nosa música, mais non o faguemos cun tono todalmente desdenoso, porque a música ten que adequerire universalidade pola sua xerarquía orquestal ou polifóñica, pra que irrumpa polo mundo levando a sinal creadora da sua raza e do seu xeño, mais tamén é certo que a músico outa non chega co mesmo pulo emocioal as xentes do pobo. Polo cal é necesario chegar a gran música, i encamiñare os nosos esforzos cara o ballet galego tan cobizado, mais sin arredarlo dos zumes da esenza e concencia populares. Ainda a nosa música sigue espallada polas fonduras dos vales, ou esquecida nas cumes das montanas, esperando un Wagner ou un Mussorgski, que recollendo os motivos humáns ou telúricos que en maravelosa conxuncion permañecen inéditos, lles dé a eispresividade e grandeza necesaria pra universalizare os valores musicaes que forxa co seu sentimento e coa sua mestría o noso pobo. Pois coma dixo Boria Sohezer o estudo do folklore, non é mais cunha etapa necesaria en que o artista unha vez que tomou contauto co seu pobo, pra saturarse da sua inspiración, debe voar coas suas propias azas.

Mentras iso non chega, e paresce que estamos condeados a que non chegue xamais temos que agarimare, protexere i empurrare a folklórica que temos hoxe. E ista laboura compete fundamentalmente aos Coros galegos, coma iste de "Brétemas e Raiolas", que dende terras tan alonxadas da nosa, nos tran a lembranza e a presenza cáseque física da Galiza amada e inesquecíbele, faguendonos coma dí o inmorrente poeta: "un Elisio do desterro".

Un vello refrán ingrés dí que escoitando as canzóns dun pobo calquera, por ilas coñecemos coma son os costumes, a hestoria, a natureza, a economía e a vida dise pobo. Pois ben ao celebrare os cinco anos de laboura o moceril coro "Brétemas e Raiolas", temos que sentirmos satisfeitos da sua benemérita obra, e ledos e compeñetrados co seu xubilar aniversario. Porque iles tamén están contribuindo a descubrir e difundire os valores espirituaes da Terra nai, na forma mais fermosa e conmovedora, cal é achegando as nosas ialmas o rebulir vivo disa canzón na que Galiza puxo o millor do seu espritu e da sua emoción.

Moito hai que loitar por mantener na sua prístina pureza a música galega. Néste acoso desgaleguizante que abafa a nosa Terra, invadida por tuda cras de exotismos, o mantemñimento dos valores vernáculos é o primeiro deber, e resulta confortante o exempro que nos dan os compoñentes do "Brétemas e Raiolas", traballando encol da nosa música e das nosas danzas.

¡Adiante pois, sempre adiante! ¡Pol -a Terra e por seú arte!

(1) Sagras de Priscihiano, cautou nas vomeirías a Compostela, cautou con versos.

canta tí, cantarei eu...

por Ramón Suárez Picallo
(Especial pro Coro BRETEMAS E RAIOLAS)

Eran os tempos da Raiña Victoria de Inglaterra. Os mineiros de Gales traballaban moito, en moi malas condicions o gañaban xornales moi cativos. Estaban nacendo os sindicatos ingleses —mais tarde os mais poderosos do mundo— o con ellos o dos mineiros de Gales, O Ministro Gladstore, e, ni que decir os propietarios las minas, ollaban con inquina os intentos obreiros de orgaizase e de conquerir millores condicions de vida e de traballo.

Os mineiros do carbón de Gales tiñan formado un Coro ou Ordeón pra aledar as horas dos seus descansos, que moi pronto se fixo famoso. Cantaba temas universales, e, ademais antergas e belidas cantigas populares en lengua Galense, de puro aboengo Céltico.

Ker Hardie, un dos fundadores do laborismo ingles, queria entrevistarse co primeiro ministro e coa Raiña, pra lles falar do novo movimento politico e social, dos seus principios, programa e propósitos. Mais non lograba que lle deran audiencia. E foi eisi que matinou recurrir o xá famoso Orfeón dos mineiros de Gales, pra que lle servira de trave maestra e abrir as portas do Pazo Real.

E, dimpois de moitos preparativos, ensaios e demais, acordouse que o tal Orfeón lle ofrecese a Raiña i-o seu Primeiro Ministro, un Concerto a xeito de homaxe lirico, á Sua Graciosa Maxestade i-o Ministro reacionario.

O concerto levouse a cabo nos xardins do Pazo de Bukinghan unha noite primaveiral i -aluarada. Doña Victoria, que ademais de gran Raiña, era muller de eisquisita sensibilidade, escoitou abraiada as obras musicales clásicas i -as cantigas populares galenses, vertidas por homes e rapazes de aparencia nula, en versions perfeitas de interpretación e de sentimento. Eficou cautivada pol -os seus súbditos de Gales, traballadores da subterra.

Os orgaizadores do homaxe, eisi coma os cantantes, un por un, foronlle presentados a Raiña i -o Ministro; e cando se les preguntou como vivian e como traballabam desfogaronse o sou gusto, eso si que con todol -os respetos debidos. Soberana e Ministro escoitan de -aquello, o que non quisieron escoitar denantes en audencia solicitada.

E contase que dispois do concerto, a Raiña tomou o partido dos mineiros de Gales, frente ó Ministro que llos pintaba como revolucionarios feroces, enemigos da Corona, do orden social establecido, a cuias razons ministeriales contestou a reial Maxestade:

(Xente que cantan tan ben non pode ser mala xente).

E sabido que o vello imperio Zarista de todal -as Rusias, tiña submetidas i -opresas a moitas vellas nacionalidades. A istas estabanlles prohibidas so pena de tremendos castigos todal -as manifestación eispresivas do seu ser nacional: idioma, costumes, tradicions, fé e demais. Entre estas nacionalidades estaba Ucrania, terra fermosa, ricaz e lirica por eiscelencia, con fermoso idioma propio.

A única libertade que lles quedaba os Ucranianos era a de cantar o seu gusto. E oubo un intre en que a única expresión viva da sua eissistencia foron os seus famosos "COROS". Os opresores non sospeitaban que nas cantigas populares que se referian a trigales dourados, i a- hortos ubérrimos de froitos maduros: a feirales e romaxes i -a lendas de herois e de santos, latexaba o esprito d -unha Nación que se negaba a morrer.

Os "COROS UCRANIANOS" percorreron o mundo de punta a cabo, como conxunto de arte de valor e xerarquia universal, pero tamén e moi especialmente, como menxase dun povo con alma e corpo de seu.

Digamos de pasada que os "COROS UCRANIANOS" estiveron en Buenos Aires. Eiqui por indicación do gran compositor Galego o inmorrente mestre EGIDIO PAZ HERMO, incorporou ó seu repertorio universal a nosa "NEGRA SOMBRA" de ROSAILA MONTES.

E cando durante a guerra civil Española, os primeiros barcos republicanos con tripulacions galegas na sua maioria chegaron o porto ucraniano de Odesa ofreceuselles unha festa coral, na que se cantou tres veces arreo a nosa belida xoia musical...

O renacimiento espiritual de Catalunya, débeselle en moi gran parte ós seus vellos Orfeóns, pero sobre todo ós historicos "COROS CLAVE". Eles recolleron con agarimoso afán os agachados tesouros do folklore Catalán, impregnados de gracia Grecolatina, e vestidoos de novas galas, fixeronnos arte vivo.

Músicos ilustres compusieron, sobor d -aquelas bases, todo un repertorio de obras de eisquisita delicadeza.

A Sardana, Cantiga e danza nacional, saiu de festa ós campos, os adros y as salas de Arte con outisima dignidade. E, por eixemplo "SANTA ESPINA", conquire pros Catalans, en horas de angustia nacional individual e coleitiva, a emoción e -a tenrura a forza i -a enerxia, d -unha pregaria ou d -un himno de orgulosa protesta. Eisi resoa afirmativa nos primeiros versos de "Els Segadors". "Catalunya triunfal, tornara a ser rica y plena"...

Galicia é, donde sempre, páis dado a cantar en coro. Os traballos, as alegrias, os amores as festas i as romaxes, han de ser cantados, todos á unha. Nun xeito de democracia lírica, cordíal e lediciosa, mais, especialmente, pra lle cantar a Patria, nas suas terras e nos seus rios, no seu mar e na sua montaña: nos seus vals e nos seus piñeirales.

Niste senso fóronlle ben fideles os vellos "COROS FEIJOO" precursores dos que oxe cantan -a vegadas con xordiña -a todo o ancho e longo da Patria e do mundo, pra manter a cesa a lús da estrella senlleira.

Nas suas cantigas manten o idiomá toda a sua nidia é prístina belleza: Facendo xogos de limpa picardia no tema amoroso; égloga vixilián na paixas; retrincos de humor e de gracias nas costumes, e tenrura mística de ladaiña na evocación de canto nos é ven amado.

Iste noso xeito de cantar en coro, trasmonto u con nosco os camiños da emigración, e asentouse á nosa veira, coma se fose mesmamente, a sona da Patria feita vós. Pra nos consolar nas tristuras, nos soerguer, nas caidas e nos alporizar nas alegrias.

Por iso cando escoitamos a un fato de rapazas e rapazes galegos cantar en coro -ainda que o fagan con tanto intusiasmo como desafinación -veñensenos a ós beizos as verbas de CURROS:

"Gardevos deus rapazes que na America,
As Suidás cantais dos patrios eidos...

Aición a prol da nosa música

Bieito Cupeiro.

O país Galego, sin dúvida o que atesoura máis ricaz e fonda densidade espritoal de península, ten no seu arte musical un dos aspeitos máis definidores da sua sustantividade nacional.

O folclore musical, e cecais o mellor vehículo trasmisor da ialma dun pobo, todo canto sinte, pense e anceia dito pobo, pode ser fidel e doodamente reflexado nas notas dunha cantiga, porque a música e de tan gráfica expresividade, que pode definirse como a fotografia dos sentimentos.

Galiza é dona dun tesouro imponderabel no seu folclore musical, ademirado e xustipreciado mais polos alleos que polos propios galegos, xa que cantos se achegaron a ela con sentimentos e intelixencia dabondo, como pra nos ollar ceibes de prexuicios e parvos convencionalismos, trócanse en acesos i entusiastas ademiradores da nosa música popular, tal entre moitos o caso de Azorin, cuia devoción reverente polas nosas expresións folclóricas son sobro conocidas.

A música popular galega, debera ser soleira, alicerce de expresion artísticas de variada e outa xerarqua. Mais a Galiza compre que a descubramos os mesmos galegos, cegados moitas vegadas pola néboa de convencionalismos alleeiros, o cal nos fixo deica agora incompetentes pra xustipreciar todalas posibilidades creadoras, que en Galiza xacen na agarda de quen taña ollos para ollar, ouvidos para ouvir, intelixencia e vontade creadoras para cumprir a patriótica laboura que a nosa patria merece e precisa.

Deica agora, somentes os conxuntos corales i orfeons cóupolles a honrosa tareía de aberen sido os instrumentos restauradores i espalladores do tesouro folclórico galego; a pesares de ser esta face das atividades a prol da nosa cultura de tan fundamental importancia, ainda se lles non prestou todo o apoio e atencion que o merito da sua obra reclama.

Como naceu o alalá

Emilio Pita

O home, silandeiro peleriño n'unha noite do tempo, chegou senlleiro unha serán, cando a lúa esbara brincadeira pol-as vegas do ceo. Souril malenconía o seu esprito, encheito de vaguedade infída.

Deitouse partiño do home, tenra e belida, e un laio silandeiro fireu o vento cantareiro depinicaban ledamente. A mar choraba, lonxe, acorada, zalógrobes xemidos de xilgaro. Todo era lúa e vento, terra é brétema, estrela e auga. Arelas e lembranzas estouraban saudosas no seu peito.

E soma azul, cristal feito pingas, agromou a poncela, leda e alporizada.

Deitouse pertiño de home, tenra e belida, e un laio silandeiro fireu o ár. A testa do home, acarón da roseira do peito, escoitou o ritmo manseliño do seu corazón. E o home, sono milagreiro, encheu a noite de sones de ouro.

E foi así que baixo o feitizo da muller e da Terra, co ritmo manseliño do corazón, o home galego cantou a primeira cántiga.

O primeiro alalá.

En col do folklore galego

por Ramón Rey Baltar

A vida é movimento - A quietude é a morte. Tudo ser nace, crece e morre. E o destiño fatal da humanidade, individuos e povos, culturas e nacions teñen que someterse a esta dura lei.

Desde que o home camiña ergueito sobor da terra, moito han cambiado usos e costumes. O que onte foi natural, oxe considerase desusado. A mesma personalidade non é identica durante na infancia, na xuventude e na vellez. Pero toda a sua vida. Fisica e moralmente é distinta hai algo que permañece inmutábel é que se afirma cada vez mais nidiamente, conforme nos achegamos a os derradeiros anos do noso povo por este mundo; ese algo son as imaxines que quedan impresas no cerebro nos primeiros anos da vida. Esas imaxes fixadas nun cerebro virxen, adquiren a persistencia de placa fotografica, que se conserva indefindamente ao abrigo da luz, i en calquer momento pode ser revelada.

Cuando o tumulto da vida nos empurra e nos aturde, non nos lembramos apenas do pasado; miramos tan soio cara adiante. Pero cando o noso camiñar comenza a ser tembloroso e sentimonos xa un pouco cansados deste longo peleriñaxe, moitas veces sen senso nin ouxeto, e miramos para atras, vemos xurdir con precisión asombrosa, todas aquelas impresions que habian quedado arquivadas na nosa mente, que nos enchen de saudade e que nos foin eiscramar, con Xorxe Manrique: "Cualquier tiempo pasado fué mejor".

Non, non foi mellor nin peor; foi simplemente distinto, naquela época para nos, as cousas que viamos eran as mellores, por que non coñeciamos outras; pero para os vellos de entón, con toda seguridade que non eran as mais dinas de loa.

As pranxideiras —mulleres pagadas para ir chorando nos enterros—, aituaron hasta comenzos do século pasado. Cicais os homes que lembraban esos enterros botarian de menos tales praitos cando foron proibidos.

Houbo un tempo en Compostela en que os enterros, celebrabanse de noite; seria de ver aquel fúnebre cortexo, con longas fias de velas alcendidas, pol-as ruas sombrias da vella Cidade, como a Santa Compaña pol-as corredeiras. ¿Qué impresión non causaria nos devotos habitantes da Roma de Ocidente?

Esta costume, que perdurou hasta a mitade do século pasado, foi posibelmente añorada pol-os vellos daquel, intre. Os rapaces en troques, que nunca habian presenciado tal espeitaculo, noin conta se darian de súa falta.

En Compostela, tamén por ese tempo, as campanas parroquiales tocaban a parto, cando se estaba por producir algún nascemento; oxe seria cousa de risa que tal feito se produxera. A este respeito, lémbrome que cando eu era neno, en Padrón, na fonte de San-Yago Apostol, onde se venera a imaxen da Virxen dos Doores, alcendiaselle unha vela que axudase con ben a muller que estaba no trance de ter un fillo. A xente, pouco mais ou menos, xa sabia quen era a que se atopaba en apuros, e rezaba por ela. Non sei si oxe seguirán coa mesma costume.

Nas festos e romarias as mozas e mozos daquel entón, cantaban e balaban os cantos e bailes tradiciones A la las, Muiñeiras, e Riveiranas, levando moitos os vestidos pintorescos que sacaban da ucha dos abós para lucilos na festa. Agora os campos galegos foron invadidos pol-os cantos e bailes norteamericans, e incluso o rock and roll, xunto cos dólares que chegaron para mercar a concencia dos traidores á sua patria.

Unha amiga miña, Arxentina, contábame indiñada o desencanto que sofreu cando o ano pasado estivo en Galiza e non puido ver nin sentir en ninguna festa os bailes e cantos que habia visto e sentido en Bos Aires, ela que anceiaba velos e sentilos na propia terra de donde eran orixinaes.

Hai cousas que están ben esquencidas; débese conservar somentes o e que é diño de selo.

Por eso hai que alegrarse desaparezca todo o que sexa bárbaro ou produto de superstición; pero o que encerre algo de arte e mostre as tradicions dun povo, o folklore, como agora se dí debese conservar e afinar, si cabe, para que non se esquenza endexamais o tesouro popular, ao traverso de milenios. O Coro Galego "Brétemas e Raiolas" como tantos outros coros que hai nesta acolledora Cidade americán, está empeñado nesa patriotica tarefa i eu dolexolle de todo corazón os maores eixitos na empresa, que é dina de todo encomio.

Todolos miércoles ás 13.30 horas, por LR2 Radio Argentina, trasmítese "Mirador Bibliográfico Gallego", co patrocinio de "Follas Novas" (feira permanente do livro galego). Fai os comentarios Elsa Fernández.

FOLLAS NOVAS - feira do livro galego

A mocedade galega de América, está oxe, máis ca nunca, adicada a unha positiva laboura cultural. E o máis venturoso é que isas preocupacións de creación, isas arelas de facer algo máis alá do intresado e rutinario vivir, marchan polo seu canle natural, e decir, abrollan agarimadas polo sentimento da Terra de onde proceden.

Son moitas e moi variadas as maneiras en que se manifesta iste decorrer. Abonda con citar os conxuntos coraes, onde mozas e mozos emigrados espresan o vivir e o sentir de Galicia ó través das súas cancións.

Mais istas liñas son pra referirse escrusivamente ó feito enunciado no epígrafe, e decir, a "Follas Novas" (feira permañente do livro galego). Xosé Neira Vilas e a súa compañeira, Anisia Miranda (il galego, y-ela cubana de nacimento, aunque galega pola sangue), orgaizaron a devandita feira, a cal comenzou a funcionar o día 15 de Xulio do ano pasado, en Asunnción 3035 desta cidade.

No Catálogo que levan pubricado reúnense perto de 200 títduos, en galego e castelán, encol de Historia, Economía, Literatura, Viaxes, Idioma, Biografías, etc.

A minsión esencial de "Follas Novas" é a de esparguer o livro galego en América, levando ós emigrados o mensaxe espritoal que na propia Terra non percebiron. E tamén informar ó mundo americán sobor da nosa evolución cultural.

Aledámonos de iste acontecimento e facemos votos porque "Follas Novas" cumpla amplamente os seus patrióticos propósitos.



Maruxa

(Pra o Coro "Brétemas e Raiolas")
Avelino Díaz.

Inda teño, Maruxiña,
doces lembranzas de ti,
polo amor que che tiven
ió que tiveche pra min.

¡Ai Maruxa,
crara estrela
que no meu ceio brilabas
cando foi a primaveira!

Teño suidades antergas
daquel gozoso vivir;
teño unha pena mui fonda
por aquelo que fuxíu.

¡Ai Maruxa,
linda noiva;
como se foron os tempos
da nosa ledicia moza!

Maruxiña,
Maruxiña;
todas as grorias dantano
hoxe son grorias fuxidas!

☆

¡Qué deus ch-o pague

por Ramón Suárez Pérez

Pol-os vieiros da nosa amada Terra,
en precura do Ben, topache "As Cruces",
é temprando a tua í-alma en novas luces
decrarách ell-o centralismo a guerra.

Debuxante i-escritor, tua fonte encerra
xeniaes pensamentos, que trasluces,
pr-a redenceón do povo, que conduces
co-bo tino do guieiro que non erra.

O ronsel do teu nome é xa raiola,
que ilumiña ôs galegos, n-unha escola
que ti mesmo ideaches, Castelao:

Quital-a migrazón que nos desola,
morar na "Terra Nai" que nos consola
coa zume dos seus peitos, fiel irmau.

☆

Niste ano cúmprense cen do nacimento, en Pontevedra, de don Perfeuto Feixóo Poncet, creador dos coros galegos. O Centro Pontevedrés de Buenos Aires apréstase a render merescido homaxe á memoria de tan senlleira figura.

O Centro Orensano de ista cidade orgaiza un concurso literario, no que tamén toman parte outras entidades irmás, pra estudar i evocar a obra de Curros Enríquez, co gallo de cumprirse 50 anos da morte do poeta.

"Illa Nova" é o nome dunha coleición de obras que ven pubricando a Editorial Galaxia, de Vigo, destiñada a difundir a inquedanza creadora dos mozos. Xa levan aparecido: "Vieiro Choído", de X. L. Franco Grande"; "Do Sulco", da xoven poetisa ferrolán Xohana Torres; e "Percival e outras historias", de X. Méndez Ferrín.

O Coro Galego Brétemas e Raiolas

Mestre

Pro

Sabado 7 de Xunio

ás 20 horas

No Casal do Centro Pontevedres, Rua Sarandí 847

Apertura da Exposición de Artesania con traballos feitos pol-os integrantes do Coro e simpatizantes.

Aito Inaugural

1º Hino Galego, pol-o Coro Brétemas e Raiolas dirixido pol-o seu Mestre **Cesareo Rodriguez.**

2º Disertacion do Dr. **Ramon de Valenzuela Otero,** en col do tema, "Influencia do Arte no porvir de Galicia".

3º Concerto de escolleitas Cancións Galegas pol-o Coro Brétemas e Raiolas.

Presentara o irman **Conles Tizado**

Domingo 8 de Xunio

ás 10 horas

A Comisión Executiva e asociados, colocarán unha ofrenda floral na tumba do Ex Primeiro Segredario Xeral, no Cementerio da Chacarita.

Xoves 12 de Xunio

ás 21 horas

No Casal do Centro Pontevedres, Rua Sarandí 847

Clausura da Exposición e viño en honor ás Entidades amigas.

Verbas alusivas a dito aito pol-o Sr. **Rodolfo Prada.**

Invita a os seus asociados a concurrir, na compaña de seus familiares e amigos, e os aitos orgaizados en celebramento do seu quinto ano de eisistencia.

ɔgrama

Sabado 14 de Xunio

ás 16 horas

na audición "Galicia en el Aire" Radio Libertad, aituación do Coro Brétemas e Raiolas

ás 20 horas

No Centro Betanzos, Rua México 1660

1º Inauguración da Biblioteca Social pol-o Sr. **Xose Neira Vilas.**

Presentación do orador a carrego do noso Segredario de Cultura.

2º Banquete aniversario, fará uso da verba o Sr. **Ramon Suarez Picallo.**

3º Entrega de pergameos alusivos a dito aito, á os integrantes do Coro pol-o Segredario Xeral e Diretor da Masa Coral.

Aituará de Mestre de ceremonias o irman **Xose Casal**

arredor das danzas galegas

por Xose Casal

É para nos aleicionador o poder ser partícipes da recuperacion nazonal galega, despois de séculos de longo silencio.

A nosa xeneracion, tivo quizaves como ningunha outra anterior, a posibilidade de aituar en todo los campos posibeles da nosa recuperacion, a esceicion do orden político-económico-social, pero si na cultura, como ser na música, escultura, pintura, idioma, cantos, danzas etc., isto sin subestimar os valores anteriores, dende os precursores para acó, os que, con bo senso fixeron posibel unha base sólida de recuperacion para nós poder continuar, ampliar e millorar a nosa cultura en todalas formas.

Temos que nos decatar que a xuventude galega estamos obrigados moralmente —senon seríamos uns descastados—, non xa de conservala, senon que ademais, ser consecuentes da nosa responsabilidade como depositarios temporales do tesouro que representa a cultura galega de cote asoballada.

Para iste fin e mester ser aitivos, ademais de posibilitar a creacion de centros i entidades culturales, aituar nelas para así poder encanlar o noso esforzo que, xuntamente coa vontade, técinica e aplicacion, redunden en beneficio coleitivo dunha cultura positiva.

Considerando que é un fin de centros i entidades fomentar i espallar a cultura galega, é mester que posibiliten —na forma que coiden mais doado—, de amparar, hoxe mais que nunca, as distintas facetas da cultura.

De todalas formas, a que considero menos desenrolada é a danza galega, tendo en conta que tanto na música, escultura, pintura, etc., pola forza creadora dos nosos xenios, logrou romper as fronteiras i espallarse polo mundo endiante, cando non impoñerse dende a emigracion, non acontecendo o mesmo coa danza galega.

Si ben é certo que en todolos tempos i épocas houbo illadamente grandes intérpretes das nosas danzas, non tivemos ainda grandes coreógrafos ou creadores, ainda que sí bos escenógrafos.

Somentes tocante a muiñeiras temos un fato delas, as que, co tempo, foronse deixando de cultivar, quedando —na estructura coreográfica—, a Muiñeira da Roda, e polo tanto, quedaron relegadas a planos inferiores, cando non desbotadas compretamente, as demais muiñeiras como a Regueifa, Ribeirana, muiñeira Vella ou dos Vellos, a Carballesa, etc., sendo tan ricás coreografícamente calquera de elas como a Muiñeira da Roda. Outro tanto lle acontez ó fandango galego, que chegouse a desvirtualo de tal xeito, que hoxe, si non está misturado coa xota, é ela quen o representa. Non pretendo facer eiquí unha polémica arredor da danza que sexa mais enxebre nin moito menos, nin analizar o porque da perda dalgunhas e conservacion doutras.

O mais completo que se ten imprensado arredor deste tema é o Cancioneiro galego de "Casto Sampedro y Folgar" por Filgueira Valverde, onde polo menos, nunha forma metódica e ordenada recolleronse cuaseque todalas danzas galegas, pero moitas delas, ainda co que se ten recollido, non abonda para ter unha ideia concreta da sua coreografía e significado, sin desmedro do que representou facer semellante traballo, polo dagora insuperabel.

Temos de ter en conta tamen, que na emigracion, e moi difícil de atopar fontes de informacion como podería ser doado na Terra.

Para considerar que a danza galega teña trunfado, será cando o pobo galego produza grandes coreógrafos, escenógrafos e bailarins, e ademais, cando se consiga facer escola da danza galega, é decir, non desvirtuar a nosa escola, adoutando outras alleas, e somentes asceitar, mais ou menos, a coreografía das nosas danzas, ¡non!, ha de ser cando se chegue a unha revolucion neste senso, creando outras en base a mesma escola, constituir conxuntamente con músicos, coreógrafos, escenógrafos e bailarins "Ballets" galegos pero sin escolas alleas, levalas a canto curruncho eisista no mundo sin ter en conta as fronteiras creadas polos estados modernos, e demostrar unha vegada mais, que ainda Galicia ten moito que lle dar a civilizacion.

nova xoventude

por A. Santamarina Delgado

Ô Coro Galego "Bretemas e Raiolas", como gradecemento âs horas galegas vividas no seu seo, no quinto aniversario da sua formazón.

América foi sempre o endeo da poboazón galega. No agro e no mar, i agora na vila, América é a táboa de salvamento na que confía o habitante galego pra saíre da meiocridade económica. Sempre houbo este movemento migradoiro que, por circonstanzas diversas, acentúase máis nuns intres ou decrez considerablemente noutros. Na aituaidade a gráfica migradoira acusa o refreixo dun empobrecemento intensivo e gradual da nosa economía. O éisodo produzse no monte, na chaira, no mar e na cidade. En denantes o porcento môr era coberto por xentes campesiñas, seguido do aporte mariñeiro, mais, ô presente, o desequilibrio social chega â urbe e incorpora â emigrazón a un considerable núcleo ausente en denantes, case que, do aporte galego ô progreso dos pobos americás.

A nova corrente migradoira, procedente do agro, do mar e da vila, non traizoa o irrenonciable caráiter i esprito galegos. É fidel â patria i esa fidelidade é arma permañente na loita diaria a prol do benestar propio e da nomadía do recuncho que os chora dende a sua partida.

Esa nova corrente, esa xenerazón nova ten algo que é mêster destacare. A elo imos despóis de recoñecere a sua identidade coas devanceiras no anceio das remembranzas saudosas da vida transcorrida na terra nai. Identidade que, condizón humâ, mantenos vencellados ô logar de orixe.

Como aditamento novo i honroso esta xenerazón nova trai o amor â lingoa vernaga, ô idioma galego. Sen que elo queira siñificare desprezo pol-a fermosa lingoa de Cervantes, enoutecida por promiñentes i esgrevias figuras de nomadía mondial que viron a lus na Galiza e verteron o seu talento naquela língoa irmâ, a nova xenerazón galega que chega desbotóu o prexuizo lingoístico e fai do galego o seu vehigo idiomático nas varias facetas da sua vida americâ. Non fala galego por prescripzón anormal senon por mañifestazón espritoal espontánea e sinceira. No "Iº Congreso da Emigrazón Galega", de recente celebramento, tivemos ocasión de o mañifestare nunha poñenza modesta. Esta nova xenerazón amostra tamén unha inquedanza ostensible no seu afán rebelde: Ten un conceito de sociedade, de coleitividade humâ que faino sentírese, individualmente, membro aitivo do concerto aitual dos pobos. Sabe da igoaldade social de todol-os homes e consideira atentatorio â sua diñidade humâ, â sua concencia de superazón pol-o traballo e pol-o estudo, en contra da cal aitúa aitivamente a imposizón doumática dunha teoría ou dun mito, humán ou idolóxico.

Esta xoventude atópase fora da Terra provisioalmente. No seu peito aniña o anceio de voltare. Non de voltare millorada económicamente, senón de voltare pra aportare o seu esforzo â recuperazón galega. Elo bota por baixo a anterga conceizón de retorno. Saíron impelidos por faitores económico-sociás e tronarán o dia que alumeen soles de espranza na Terra. Por elo esta nova xenerazón, doblemente nova pol-a sua edade e pol-o seu pensamento, fainos sentire orgulosos i espranzados albiscando un avir venturoso prôs nosos lares. A esa xoven xenerazón a nosa devozón i o noso alento pra facere, nun futuro próusimo e promisorio, a realidade venturosa dunha patria sen privazós.

LOPEZ CABANA, FRAGA & Cía.

Compra - Venta de Negocios

BALANCES - REMATES - COMISIONES

MONTEVIDEO 467 - 2°
T. E. 35 - 0402 - 4660
Buenos Aires

GALERIA MAR DEL PLATA
(Edif. Banco Provincia)
Local 5
T. E. 3 - 1025 - Mar del Plata

Fábrica de artefactos eléctricos

PIERRI Y FLORES

Especialidad en Arañas y Candeleros de Bronce y de Cristal

Juan Bautista Alberdi 140 T. E. 60 - 8679

SASTRERIA DE MEDIDA

para ambos sexos

— DE —

CANDIDO FERNANDEZ

De los sastres el mejor
en gustos el soberano,
tiene en el corte una mano
que es de los sastres la flor.

Santiago del Estero 939 T. E. 23 - 4753

Menaje - Regalos y Fantasías

BAZAR POPULAR

ANTONIO DIAZ

JUAN B. ALBERDI 5974 T. E. 68 - 0678

Escoitade, mozos galegos

por M. Ucha de Vincios

Sin tecnicismo literario quero parolar con todos vos, mozos galegos, que sodes a reserva espritual de Galiza sufrinte que vive ollando alem dos mares, co pensamento posto nos seus fillos mozos emigrados.

"Os tempos son chegados" na peninsua Ibérica as xuventudes estudiosas e traballadoras estrilan cheas de fé no porvir das suas patrias, os mozos galegos que non lle ademiten estar mellor orgaizados, tamén estrilan por botar fora da nosa Terra a escravitude e a miseria que a ten asoballada. ¿E vos, mozos galegos, que facedes eiquí na emigración?

Cantade mozas e mozos, cantade, que tamén é un xeito de manifestare moitas cousas do esprito e da raza galega que anda polo mundo adiante; pintade e recitade, todo é espresion da nosa rebeldía, pero non esquezades, que a Terra vive intres, nos que a xuventude xoga un papel determiñante, e vos tedes a obliga de non esquecer a Terra que chama por vos, ela está petando nos vosos peitós, son as vosas naiciñas, os vosos pais, os vosos irmans, son os rapaces galegos que chaman pola vosa axuda? ¿E vos, mozos galegos, que facedes por eles eiquí na emigracion?

Non nos propoñemos vivificarvos as fontes orixinarias dun partido que deu caudal e autoridade educativa o renascemento da nossa persoalidade nacional, pero si queremos sentirnos solidarios nestre intre, coa nosa tradicion galeguista, que terá de aleucionador un testimonio vivente de traballo perseverante, co pensamento na patria, Galiza.

Neste senso a nosa obliga e de traballar para extender entre a xuventude este pensamento, no que teñen cabida traballadores e artistas, probes e ricos, por ser o noso destiño, republican e democrático, i en canto o povo, posibilitar a sua autodetermiñacion social.

O Galeguismo, quer chegar as entranas e o corazon voso para decirvos que sodes a mellor defensa de Galiza, para chegar a conquerir a nosa reivindicacion nacional, debedes coller coas vosas mans o portaestandarte deste movimento, e deste xeito, diñificaredes a vosa condicion de galegos bos e xenerosos.

A nosa persoalidade, as nosas modalidades peculiares, o noso xeito diferencial de ser, é o conceito nacional galego; no concerto das nacionalidades Ibéricas, non será tido en conta nin respetado namentras non teñamos constituido un frente sólido, encol do ideario galeguista, no que as xuventudes teñen a obliga de ser os abandeirados.

Neste senso, é mester de se renovare tanto na emigracion como na Terra, formando elementos novos, dandolles contido idealista, en base a un programa político, social i economico, adaptado o momento en que vivimos, non podemos seguir vivindo un problema de recuperacion nacional alimentado únicamente con poesía.

¡Si! é mester renovarse, dando cabida os conflictos que nascen des xeneracions chamadas a suceder problemas, cos seus propios problemas, o galeguismo non debe ser pechado, as inquedanzas da xuventude que sinte e pensa dun xeito renovador e progresista, debe somentes ser encauzado organicamente nunha laboura de conxunto, que responda os fins do movimento galeguista.

Seguide espallando o noso folclore coas suas distintas manifestacions artísticas, que é unha das formas de reafirmar a nosa nacionalidade.

A nosa xuventude ten de saber, que as formas deplorables dos sectarismos totalitarios e centralistas, que se alimentan explotando o sentimento das masas, empregando formas demagóxicas que nunca cumplen, son negativos para as novas inquedanzas, por coincidiren en atribuirlle senso infalible os que gobernan, negándolle dereito as xuventudes que aspiran a gobernar mañán.

Os mozos galegos, non deben esquecer unha cousa fundamental, cada un pode ter as suas preferencias ideolóxicas, o que non ten dereito, so pena de ser un traidor a Terra, é a sobrepoñer as suas preferencias ó ideario de Patria, desvirtuando o fin e a obra que deben desenrrolar entidades galegas na emigracion, as sociedades son os templos da Galiza, alí podemos cantar, recitar, pero sobre todo, deben ser templos de capacitacion no ideario da patria, e neste senso, os mozos teñen moito que facer. Afirmade pois, non só de que sodes capaces, senon tamen de que vos sentides orgulosos con continuar unha obra de recuperacion nacional.

Cantade mozas e mozos, cantade, pero non vos esquezades que a Terra espera a vosa axuda, para conquerir a sua liberdade.

BONETERIA - LENCERIA Y MEDIAS

"VENGA y VEA"

MURGUIONDO 4087

V. CEVALLOS 491

T. E. 68 - 9141

TALLER DE CARPINTERIA

de

Manuel Romero Cuozo

TRABAJOS EN GENERAL

HIPOLITO IRIGOYEN 2868

Capital Federal

Compañía Argentina de Aceros

Fundidos Eléctricamente

S. R. L.

C. A. D. A. F. E.

Agüero 4860/64/68/98

Esq. Centenario Uruguayo

T. E. 20 - 7321 Avellaneda

"CAFE BRIGO"

e millor

Luis Sáenz Peña 136 T. E. 38 - 9690

Provisión y Bar

"SPORTIVO PALERMO"

de

ALVARO GARCIA HORTAS e Hijos

Comestibles de Calidad , Vinos y Licores Finos

CERVIÑO 4699 T. E. 71 - 3336

Casa "UCHA"

GRAN SURTIDO EN ARTICULOS

DE MERCERIA

Precios especiales a la Colectividad

GALLEGA

BOLIVAR 706

DONACION

de

Jaime Martínez

NUEVO SACAMANCHAS DE OXIDO

"HERRUMBROL"

Distribuidor exclusivo

Germinal Filgueira

NOGOYA 6121 T. E. 64 - 2729

homenaxe a Manoel García

O dia 26 de Xulio do 1957 coincidindo con Semán Galega a Comisión Executiva do Coro Galego "Bretemas e Raiolas", fixo un xusticiero homenaxe a un home de gran traetoria na Coleitividade Galega de Bos Ares; iste home chamase Manoel Garcia; consistiu a demostracion nun banquete celebrado na nosa Casa, Mexico 1660, ao cal concurriron personalidades Galegas e membros das Entidades hirmans; trascurriu o aito dentro dun marco de mañifica armonia e irmandade, sendo ouxeto de merecidas felecitacions a Comisión Executiva por tan mañifico acerto.

Ofreceu o banquete o membro da Comisión Sr. Evelio Iglesias, quen fixo unha disertación encol da vida artistica do homenaxeado, quen, o longo da sua intachabel laboura en prol do noso Folclore, percorreu co seu maravilloso arte tudo o pais, poñendo sempre de manifesto o seu encendido amor pol-a Patria.

Logo os postres falou o Dr. Alberto Vilanova, que, con verbas afervoadas felicitou novamente á Comision por tal nobre homenaxe, ofrecido a un home de tanta valia pois ao longo da sua vida dedicada enteiramente a difusion e o engrandecimento dos valores musicces da nosa Terra, era un exempro mais dos moitos que quedan no anonimato, sin lle ser recoñecida a sua fidel laboura pola Terra, tivo logo verbas de estimulo para os coristas, invitandoos a seguiren en tan nobre empresa, foi moi aplausado pola sua mañifica elocuencia.

De seguido foronlle entregados ao homenaxado un pergameu con motivos galegos confecioado polo corista Manoel Cordeiro, unha medalla de ouro, o mesmo tempo, os rapaces do coro (os seus netos como ele os chama) fixeronlle entrega dun artistico veleiro, i en nome das mozas, a corista Orlinda Rodriguez, entregoulle un fermoso ramo de froles; os irmans Cordeiro unha artistica cuncha, e logo a solpresa, un fermosisimo e fresco ramo de "toxos" da Terra, que o sempre e oportuno corista Anxel Romero fixolle entreóa —constanos—, que no seu Casal —o Sr. Garcia—, mirando estos modestos pero sinceiros regalos, sentirase moi felis destes seus netos, que seguiran fidelmente os consellos que de ele recolleron.

A Comision Executiva dalle as mais eispresivas gracias a todos los asistentes a este aito, os cales coa sua presencia deron un maior brilo a tan xusto e merecido homenaxe.

Taller Mecánico de Refrigeración

"ICEBERG"

Fernández y Campo

Venta de Reparación de Heladeras Familiares y Comerciales

SERVICIO DE ABONADOS

Güemes 15 - Avellaneda - T. E. 22-1046 - 22-3817

necroloxía

Ao cumprir o Coro Galego "Brétemas e Raiolas" cinco anos de vida, queremos pousar nestas páxinas unha simbolica ofrenda a xeito de homenaxe, na lembranza dos compañeiros qué se foron pol-o camiño sin retorno.

Eles adicaron ó Coro
todos os seus esforzos.

Porque tiñan fervenza
e entusiasmo de mozos.

Porque eran insobornabels
no amor â Terra Nai.

Eles seguirán sempre
espritoalmente connosco.

Son

Xoan Santos

Antonio Salorio

Manuel Maquieira

Gerardo Parrado

Laura Moras

Xunquimos a nosa door â dos seus parentes e achegados.

Prego

por Avelino Díaz

Con fonda tristura
Deus, qu-estás no ceio,
veño aquí, a pregarche
no teu santo tempro;
pol-os que se foron
e nunca volveron,
pol-os que ainda viven e que xa choraron
pol-os que morreron.

Pol-os que viviron
en longo tormento
e, hoxe, estan calados
((terra no seo;
pol-os que se atopan
índa, no tristeiro
camiño da vida, sin unha esperanza
no seu sofrimento.

Pol-os que tiveron
n-este mundo anceios,
mágoas e delores
ou remordementos;
pol-os, que, doídos,
camiñan arreo
sin topar ledicias nas encrucilladas
do escuro vieiro.

Por todol-os seres
que o mundo viñeron
xa maldizoados
d'alleo crime reos;
pol-os que, cegados,
o rumbo perderon
e bogan decote nos mares da vida
sin paz nin sosego.

Pol-a Humanidade
que viven xemendo,
sempre amargurada
loitando e tecendo;
por vivos e mortes
por todos che prego;
da ledicia ós vivos, i-ós que se finaron
o repouso eterno.

Varela Silvari

a nosa biblioteca

Entre os aitos programados pra conmemorar os nosos cinco primeiros anos de vida institucional e de aitividades artística, está o da inauguración da biblioteca social.

Consideramos iste feito ún dos de máis trascendencia no decorrer das nosas inquedanzas. Os livros son a mellor mantenza do esprito. E no caso dos mozos galegos emigrados faise materia imprescindíbel, pois procedemos dunha Patria quia historia i evolución cultural cuase non coñecemos, debido a circunstancia, paradóxica e lamentábel, de que d -ela non nos falan máis alá dun plano lixeiro, provincial, intrascendente.

Pero nós venceremos. Venceremos desa iñorancia. Mentras haxa livros que informen do noso grorioso pasado histórico, e do cabdal da nosa literatura e do noso arte ricaz, e das nosas tradiciós populares, e da nosa economía, non haberá maneira de pecharnos os ollos -como de vello se intenta facerco mentes de que non entre en nós a concencia de Galicia.

Galicia renacerá sempre de calquera asoballamento, de calquera atafego mentras canten os nosos poetas, e esculquen os nosos investigadores, e mentras o noso povo conserve as esencias que os distinguen, e que se xa noutros tempos bretemosos puido e soupo rexurdir, nunca máis conseguirá ninguén someterlle o esprito.

Os livros son as nosas mellores ferramentas. E con elas temos que contar sempre pra erguer a alma inmorrente da nosa Patria.

A nosa biblioteca non terá livros por adorno, nin estará pechada. Será pequena ou grande, con moitos ou poucos volúmens, pero de cote un ente vivo e latexante.

Bautizámola co nome de "VARELA SILVARI" pra render así un homaxe á memoria de quen fora brillante compositor galego, don José Maria Varela Silvari.

Eiquí unha síntese biográfica d -el, feita por Francisco Lanza:

"Compositor de música e publicista de notábel fecundidade. Fundou e dirixue orfeóns e bandas de música, ao frente dos cales aitouóu nalgunhas cidades de Hespaña e do estranxeiro, outendo importantes trunfos, premios e condecoracións. Colaborou en gran número de revistas musicaes, e pubricou moitos traballos sobor historia e téinica do arte que con tanto entusiasmo profesaba, entre eles: "Galería biográfica de músicos gallegos" e "Historia de la música en Galicia". A súa produción como compositor incruie óperas, misas, salves, corales, sinfonías, zarzuelas, bailabels, etc. calculándose que en conxunto chega a unhas 500 obras, moitas delas adicadas a Galicia ou inspiradas en temas galegos: Cantata "Groria a Galicia", coral "Ruliña", nouturno "Alalá, cantares gallegos" (pra piano soio), muiñeiras "A mindoniense" e "A orensana", "Alborada Gallega"... Sobor letra de Galo Salinas compuxo un Himno tiduado ¡Galicia!, que escrito orixinalmente pra voces soias, foi trascrito pra bandas, que o espargueron por toda a rexión.

O Axuntamento, coruñés honrou en vida ao fecundo compositor, dando o seu nome a unha rúa da cidade, onde naceu en 1848. A súa morte ocurreu en Madride no ano 1926.

Café y Bar

''VIGO''

de

Botana Hnos. y Cía.

H. Yrigoyen 1300 T. E. 38-3813

Bernardino García

Pra os millores Banquetes do Mundo

MEXICO 1660 T. E. 38-1741

Gran Bar en el Centro Pontevedrés

BOA VILA

de

Moldes y Casaldelrrey

Para comer bien y ser atendido con esmero, concurra con sus familiares al Bar "Boa Vila"

SARANDI 847 T. E. 47-4022

Instalaciones Eléctricas de Obras

NUÑEZ Y PARIS

Fuerza Motriz - Iluminación

Reparaciones en General

AYACUCHO 1584

T. E. 84-5445 Buenos Aires

FIAMBRERIA

de

Antonio Gens Miguens

JUNCAL 4602 Capital

NO INTRE DE MERCAR CRAVATAS PENSE QUE

ABAD RIVAS

Fabrica as máis

Finas, elegantes e duradeiras

PERU 345 T. E. 34-1356

''CELTA''

SASTRERIA, SOMBREIROS

Camisas, Confecións,

ARTIGOS PRA HOMES

Federico Lacroze 4086 T. E. 54-2421

Pasajes a España

Reserve sus acomodaciones para la temporada 1958 en cualquiera de las diversas compañías de navegación.

Llamadas con fecha fija de embarque
IDA Y VUELTA 10 % DESCUENTO

AGENCIA FRIAS

VENEZUELA 1016 T. E. 37-4628

HOTEL
PIERRE

Fernández y Vázquez

H. YRIGOYEN 1910, 4°

48-2136

FABRICA DE CAMISAS

—de—

GAITAN Y HERMIDA

Confecciones - Medidas y Arreglos

Cral. Rodríguez 2377 Lanús (Este)

T. E. D. P. 93-3476

Un grande abrazo cos nosos irmans residentes no Uruguai

Non podiamos nos, rapaces Coruñéses, deixar de eisaltar nesta nosa primeira publicación, un feito que é diño de exemplo para ás xuventudes emigradas. O dia catro deste mes unha comisión do noso Coro foi invitada ô celebramento do primeiro ano da fundación do Centro Cultural e Deportivo Coruñés do Uruguai, entidade ésta, formada por un numeroso i entusiasta grupo de Coruñeses residentes nese pais, e non atopamos verbas en un solo ano de vida lograron constituire unha entidade que está sin lugar axeitadas para eispresar a nosa ademiración por estos nosos irmans, que a ninguna dúvida, no primeirísimo plano da Coleitividade Galega daquel pais american. A nosa delegación eisi o puido comprobare, ademirando a grandiosidade da obra lograda por este fato de rapaces empurrados por un entusiasmo sin limites, e por un cfervoado amore pol-a Terra Nai.

Queremos hoxe, un pouco mais repostos da fonda emoción vivid'a noses dias, facerlles chegar o noso mais sinceiro agradescemento, por todal-as innumerabeles atencións de que fumos ouxeto na nosa curta estadía entre eles, cousa que será imposible de esquecere, o mesmo tempo desexamos de corazón que esta mañífica obra, hoxe feita unha clara realidade, continúe ascendendo tan diñamente coma hasta agora, para que a nosa Coruña ocupe o lugar que en realidade lle corresponde, e poida eisi sentire orgulo dos seus fillos espallados pol-o mundo.

¡Adiante irmans, Adiante, e Terra a nosa!

A Comisión Executiva do "Coro Galego Brétemas e Raiolas", quere facer chegar a todolos compoñentes desta Masa Coral, a mais sinceira felicitación pola mañífica labor desenrrolada durante estos cinco anos, a cal fixo posibel colocar a nosa entidade en un lugar de prestixio na Coleitividade Galega de Buenos Aires. Compoñen esta Masa Coral.

DIREITOR
Cesáreo Rodríguez

SOPRANOS
Orlinda R. de Quiroga
Isolina Cordeiro
Nélida Pereira
Blanca Cortés
Mercedes Casa

CONTRALTOS
Mercedes Parrado
Carmen Iglesias
Leonor Pérez
Carmen Cortés
Adela V. de Corral
Concepción S. de Soto
Mary Soto
Fina Pereira

TENORES 1º
Jaime Rodríguez
Carlos Veira
Jaime Martínez
Julio Crestar

TENORES 2º
César Quiroga
Manuel Cordeiro
Guillermo Núñez
Máximo Pan
José Filgueira
Antonio Freire
José Durán
José Vales
Francisco González

BARITONOS
Francisco Neira
Luis Borrazas
Pedro Corral
Angel Romero
Amadeo Suárez

BAIXOS
Evelio Iglesias
José Medal
Antonio Fernández
Germinal Filgueira
Fernando Irijoa
Pandereteiro Manuel García
Gaiteiro Camilo Deus

José Antonio Degregorio

Escribano Público Nacional

Santiago del Estero 112, 2º T. E. 38 - 5258

F. Y. S. Pena Silva

Madeiras

OBRADOIRO DE CARPINTERIA

Fanse portas, xanelas, mobles pra cociña, e todo
o que precisa en madeira unha casa nova.

AV. DE LOS CONSTITUYENTES 3667/85 T. E. 51 - 1450 - 52 - 9234

GOLPE, SEOANE y Cía.

Tejidos

Hipólito Yrigoyen 1294 T. E. 37 - 5963

Garage "METROPOL"

JOSE B. IGLESIAS

PARAGUAY 1439 - Capital

La Gran Taberna Regional Española

(Rivadavia 1180 - T. E. 38 - 5195 - Buenos Aires)

La **Gran Taberna Regional Española** invita a usted a saborear los más ricos platos típicos de las distintas regiones de España, sintiéndose como en suelo Patrio, gozando así de una atención esmerada, en un ambiente que por sus instalaciones la hacen única en Sud América.

Entre sus exquisitos platos figuran los siguientes:

Sardina a la Plancha
Bacalao a la Vizcaína o a la Gallega
Pulpo Fresco
Caracoles - Calamares - Callos
Langostinos
Caldo Gallego
Vesugo a la Vasca
Cazuela de Mariscos
Paella a la Valenciana
Cocido a la Española
Jamón Serrano
Empanada Gallega

Castañas Asadas y en Almíbar

ASI COMO UN SINFIN DE PLATOS REGIONALES Y LOS MAS EXQUISITOS VINOS DEL RIVERO BLANCO Y TINTO COMO ASI OTRAS MARCAS DE CATEGORIA. — VISITELO Y SE CONVENCERA

MANUEL CORDEIRO

Pergameos e Cadros tipicos Galegos

A CORRESPONDENCIA A

Avenida Manuel Estévez 561

(Avellaneda)

R. BARRAL y Cía. S. R. L.

CUBIERTOS Y CUCHILLERIA FINA

CHILE 1240 T. E. 38 - 4254

paraguas
sombrillas
bastones

FOX S. R. L.

Cap. 1.000.000.—

Fabricación, Importación, Compostura

Ventas por mayor y menor

Moreno 1167, tel. 38-1275, Buenos Aires

Imprenta Cabrera - E. Unidos 1665